



Programación didáctica 5 años

Índice

1. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, competencias básicas e metodoloxía didáctica propios do nivel de 5 anos.	4
○ Coñecemento de si mesmo/a e autonomía persoal	4
▪ Obxectivos	4
▪ Contidos.....	5
○ Coñecemento do medio (Medio físico, natural, social e cultural)	7
▪ Obxectivos	7
– Describir diversas situacións espaciais e as accións que podemos realizar sobre	9
▪ Contidos.....	9
○ Linguaxes: comunicación e representación	12
▪ Obxectivos	12
▪ Contidos.....	14
2. Avaliación	16
2.1 Criterios de avaliación do nivel de 5 anos	16
2.2 Avaliación na modalidade semi ou non presencial	18
3. Competencias básicas do nivel 5 anos	19
○ Competencia en comunicación lingüística.....	19
○ Competencia matemática.....	20
○ Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.....	20
○ Tratamento da información e competencia dixital	21
○ Competencia social e cidadá	22
○ Competencia cultural e artística	22
○ Competencia para aprender a aprender.....	23
○ Competencia para a autonomía e iniciativa persoal	23
4. Metodoloxía pedagóxica	24
5. Contidos mínimos esixibles	26
○ Coñecemento de sí mesmo e autonomía persoal.	26
○ Coñecemento do contorno	27
○ Linguaxes: comunicación e representación.	27
6. Criterios de cualificación	28
7. Modalidade de ensino semi ou non presencial	28
8. Secuenciación	29

8.1	CEREBRO	29
	▪ Obxectivos e contidos	29
	▪ Criterios de avaliación	32
	▪ Competencias básicas	33
	▪ Metodoloxía didáctica	34
	○ Medidas de atención á diversidade e actividades de reforzo	36
	▪ Procedementos e instrumentos de avaliación	37
	▪ Actividades complementarias e extraescolares	37
	▪ Plan de convivencia	37
	▪ Plan das TICS	38
8.2	EXIPTO	38
	▪ Obxectivos e contidos	38
	• Criterios de avaliación	47
	▪ Competencias básicas	49
	▪ Metodoloxía didáctica	49
	▪ Medidas de atención á diversidade e actividades de reforzo	51
	▪ Procedementos e instrumentos de avaliación	52
	▪ Actividades complementarias e extraescolares	53
	▪ Plan de convivencia	53
	▪ Plan das TIC	53
8.3	ECOLOXÍA	54
	▪ Obxectivos e contidos	54
	▪ Criterios de avaliación	60
	▪ Competencias básicas	61
	▪ Metodoloxía didáctica	62
	▪ Materiais e recursos	63
	▪ Espazos	64
	▪ Medidas de atención á diversidade e actividades de reforzo	64
	▪ Procedementos e instrumentos de avaliación	65
	▪ Actividades complementarias e extraescolares	65
	▪ Plan de convivencia	66
	▪ Plan das TIC	66

1. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, competencias básicas e metodoloxía didáctica propios do nivel de 5 anos.

○ **Coñecemento de si mesmo/a e autonomía persoal**

▪ **Obxectivos**

- Construír a súa propia identidade e ir formándose unha imaxe positiva e axustada de si mesmo/a coñecendo e explorando o seu corpo, identificando os seus segmentos e elementos, sendo capaz de valorar as súas capacidades e aceptar as súas limitacións.
- Descubrir e utilizar as propias posibilidades motrices, sensitivas e expresivas, adoptando posturas e actitudes axeitadas ás diversas actividades que desenvolve na súa vida cotiá, nas súas actividades lúdicas e de expresión.
- Distinguir semellanzas e diferenzas entre as características e calidades do seu propio corpo e o dos demais, aceptándoas, valorándoas e evitando calquera actitude discriminatoria por razón destas diferenzas.
- Coñecer e identificar a existencia doutras persoas dentro do noso medio e fóra del pertencentes a outras razas que posúen diversos trazos físicos e que teñen distintas formas de vida, hábitos e algúns costumes diferentes aos nosos, respectando a diversidade e exercitándose na resolución pacífica dos conflitos.
- Aumentar o sentimento de autoconfianza e a capacidade de iniciativa na resolución de problemas da vida cotiá sendo capaz de planificar e secuenciar a propia acción para resolvelos.
- Desenvolver progresivamente a lateralidade do seu propio corpo, sendo capaz de interpretar nocións direccionais con el.
- Desenvolver actitudes e hábitos sociais para a convivencia como o respecto, o diálogo, a axuda, a negociación e a colaboración.
- Desenvolver estratexias para satisfacer autonomamente as súas necesidades básicas de afecto, de individualización, físicas, de xogo, de exploración e de relación, manifestando satisfacción polos logros acadados.
- Continuar a adquisición de hábitos relacionados coa hixiene, coa alimentación, co coidado da saúde, co benestar persoal, coa organización, coa constancia, coa atención, coa iniciativa e co esforzo.
- Descubrir as posibilidades motrices e posturais do seu corpo, progresando na coordinación e no control, desenvolvendo a súa percepción sensorial, as habilidades manipulativas, as estruturas fonadoras e a coordinación visual.
- Adquirir coordinación e control dinámico no xogo, na execución de tarefas da vida cotiá e nas actividades nas que teña que utilizar obxectos con precisión, de

acordo co seu desenvolvemento evolutivo.

- Coñecer os sentidos, a súa localización e a súa función na percepción, sendo capaz de identificar as diversas sensacións corporais.
- Identificar os sentimentos, emocións, desexos e necesidades propias e os dos demais, desenvolvendo unha actitude comunicativa.
- Controlar a situación espacial de si mesmo/a e dos obxectos respecto a diferentes nocións espaciais.
- Afianzar nocións de orientación temporal mediante a identificación de vivencias persoais da actividade cotiá.
- Participar e contribuír, dentro das súas posibilidades, no mantemento da orde e da limpeza da súa clase, da súa casa, do medio próximo, etc., colaborando e buscando axuda se fose necesario.

▪ **Contidos**

- Segmentos e elementos do corpo.
- Características diferenciais.
- Articulacións do corpo.
- Partes internas do corpo: corazón, pulmóns, ósos, estómago, cerebro...
- Lado esquerdo e lado dereito do corpo.
- Sentidos do tacto, do gusto, do olfacto, do oído e da vista. Funcións.
- Coordinación viso-manual.
- Sensacións e percepcións.
- Sentimentos e emocións propios e dos demais.
- Algunhas emocións: tolerancia, vergonza, decepción, amizade, xenerosidade, respecto, alegría, envexa, enfado...
- Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.
- Nocións de direccionalidade con respecto ao corpo.
- As distintas actividades cotiás: de xogo, tarefas, rutinas... Requirimentos.
- Limpeza e orde na clase, no colexio, no medio...
 - Traballo en equipo.
- Movementos e posturas do corpo e a súa relación cos segmentos corporais.
- Posibilidades motrices e posturais.
- Relaxación.
- Movementos combinados e movementos bilaterais asimétricos e alternos.
- Nocións básicas de orientación espacial: dereita-esquerda.

- Nocións básicas de orientación temporal: pola mañá-pola noite, onte, hoxe, mañá, antes, despois, fin de semana, a hora do bocadillo...
- Hábitos de hixiene e de alimentación, e a súa relación coa saúde e co benestar persoal.
- Accións que favorecen a saúde: actividade física e deporte.
- Identificación global e segmentaria das características e calidades do propio corpo, así como as semellanzas e diferenzas cos outros.
- Aceptación das características e identidade dos demais.
- Identificación e control das necesidades básicas.
- Utilización dos sentidos para percibir propiedades e sensacións que producen os obxectos.
- Identificación, expresión e manifestación de sentimentos, necesidades, desexos propios e dos demais.
- Adecuación do comportamento ás diversas situacións da actividade cotiá, ás necesidades e demandas dos demais.
- Desenvolvemento de hábitos elementais de organización, atención, constancia, iniciativa e esforzo nas distintas actividades.
- Reprodución de posturas co corpo.
- Control e precisión no uso de utensilios e obxectos.
- Exploración das posibilidades e limitacións posturais e motrices do propio corpo.
- Experimentación da noción dereita e esquerda en relación co propio corpo.
- Coordinación e control corporal nas actividades lúdicas que impliquen movemento global ou segmentario e adquisición de habilidades motrices novas.
- Descrición da situación espacial dos obxectos e do propio corpo respecto a diferentes nocións.
- Percepción temporal das rutinas cotiás.
- Orientación espacial e temporal nos lugares coñecidos.
- Desenvolvemento da discriminación auditiva.
- Adquisición e desenvolvemento de hábitos de hixiene, alimentación e seguridade persoal.
- Utilización correcta dos útiles relacionados coa alimentación e coa hixiene.
- Progresiva adopción de comportamentos de prevención e seguridade en situacións habituais.
- Coidado e precaución ante situacións que poidan resultar perigosas.
- Desexos de afondar no coñecemento das súas características persoais e dos segmentos corporais.
- Actitude non discriminatoria ante os seus compañeiros e compañeiras.

- Aceptar, comprender, tolerar e respectar as persoas pertencentes a diferentes razas e formas de vida.
- Interese por coñecer os sentimentos e emocións dos demais.
- Gusto por manter a súa clase e a súa casa limpas e coidadas.
- Esfuerzo por realizar movementos máis complicados co seu corpo.
- Gusto polo xogo.
- Alegría polo progreso na súa autonomía persoal.

- **Coñecemento do medio (Medio físico, natural, social e cultural)**

- **Obxectivos**

- Adquirir, a través da relación cos demais, unha progresiva autonomía persoal actuando de forma cada vez máis autónoma nas súas actividades habituais, adquirindo seguridade afectiva e emocional para desenvolver as súas capacidades de iniciativa e autoconfianza.
- Relacionarse cos demais e aprender pautas elementais de convivencia respectando a diversidade e desenvolvendo actitudes de amizade, respecto, aprecio, axuda e colaboración e valorando a importancia da vida en grupo.
- Observar os cambios que se producen no medio natural coa chegada das diferentes estacións, constatando a influencia do tempo atmosférico na forma de organizar a vida das persoas, e observando e manipulando os diversos obxectos relacionados co vestido propios de cada estación.
- Valorar, respectar e coidar o medio natural, intervindo na medida das súas posibilidades no coidado, respecto e responsabilidade na súa conservación: consumo racional, aforro enerxético e de auga, reciclaxe, reutilización...
- Orientarse autonomamente no ámbito escolar e coñecer a organización do colexio, establecendo relacións máis amplas coas persoas que nel están, respectando e valorando o traballo que realizan e as normas de comportamento e organización.
- Aceptar a propia situación familiar, desenvolvendo actitudes de afecto e respecto cara aos membros da súa familia, valorando e asimilando as súas normas de convivencia.
- Coñecer as características da súa vivenda, os seus espazos e funcións, diferenciando os diversos materiais que se empregan para construír unha casa.
- Coñecer e valorar as profesións relacionadas co colexio, coa construción, coa saúde, cos servizos sociais á comunidade, cos medios de transporte, co lecer e co coidado do medio natural, preguntando, interpretando e opinando sobre elas.
- Coñecer as relacións de interdependencia, equilibrio e utilidade que existen entre os seres vivos, valorando a importancia que teñen para a vida e para a

conservación do medio.

- Identificar as características morfolóxicas e funcionais dalgúns animais próximos ao seu medio e doutros medios afastados, establecendo relacións entre as características do medio físico e as diferentes formas de vida.
- Adquirir nocións elementais de xeografía e de historia.
- Coñecer outros pobos, outras razas, outras culturas do mundo actuais e doutros tempos.
- Iniciarse no coñecemento do Universo.
- Iniciarse no uso dalgúns instrumentos tecnolóxicos: ordenador, televisión, DVD, reprodutores musicais, cámara fotográfica, videoxogos, escáner, impresora, encerado dixital, canón proxector...
- Observar e explorar o seu medio inmediato: a rúa, a veciñanza. Os elementos presentes nel, mostrando interese e curiosidade cara aos acontecementos relevantes deste preguntando e opinando sobre eles co fin de desenvolver a súa espontaneidade e orixinalidade.
- Coñecer algunhas das formas máis habituais da organización humana: os medios de transporte e os medios de comunicación e información, valorándoos positivamente.
- Fomentar nos nenos e nas nenas a actitude de compartir os seus xoguetes e xogos, e a aceptación das normas implícitas, desenvolvendo hábitos de convivencia e amizade, e de rexeitamento polos xogos violentos.
- Achegarse a diferentes culturas, valorando e apreciando a pluralidade cultural, coñecendo diferentes formas de vida, distintos costumes, tradicións, festas, linguas..., e participar en manifestacións culturais asociadas aos países nos que se fala a lingua estranxeira.
- Adquirir progresivamente un coñecemento lóxico-matemático, describindo obxectos e situacións, as súas propiedades, as relacións que entre eles se establecen a través da experimentación activa e iniciándose na súa linguaxe.
- Identificar e recoñecer os cardinais desde o 0 ata o 10, controlando a direccionalidade das súas grafías e asociando o número coa cantidade.
- Situarse no espazo respecto a nocións básicas, identificando estas nocións en si mesmo/a e nos obxectos. Iniciarse na estimación e medida do tempo.
- Utilizar adecuadamente cuantificadores e nocións básicas de medida.
- Identificar as cores primarias e a gama de cores secundarias.
- Coñecer, representar e nomear a partir da observación, descrición, manipulación e xogo, os obxectos da vida cotiá con formas xeométricas planas e de volume.
- Iniciarse no concepto de cantidade, na expresión matemática e nas operacións aritméticas de adición e subtracción.
- Agrupar obxectos polas súas calidades e propiedades e determinar o seu aspecto

- quantitativo aplicando o cardinal correspondente.
- Utilizar as formas de representación matemática para resolver problemas da vida cotiá.
- Describir diversas situacións espaciais e as accións que podemos realizar sobre
 - **Contidos**
 - As estacións.
 - Fenómenos atmosféricos, plantas características, froitas, vestidos... relacionados co clima.
 - Animais de diferentes hábitats e de diversos medios. Características morfolóxicas e funcionais.
 - Seres vivos e inertes.
 - Desenvolvemento da vida das plantas.
 - Papel das persoas na conservación do medio.
 - Paisaxes saudables.
 - A contaminación.
 - A reciclaxe.
 - A clase e o colexio: espazos, obxectos e normas de comportamento.
 - Familia: membros, parentesco, situación familiar e normas de convivencia.
 - A casa: características internas e externas, espazos, obxectos. Tipos de vivenda.
 - Vivendas doutros pobos do mundo e doutras épocas.
 - O seu enderezo e teléfono.
 - Normas de seguridade viaria.
 - Elementos do medio e da paisaxe urbana.
 - Lugares, obxectos e accións relacionadas co consumo, coa diversión e co lecer.
 - Profesións: relacionadas co colexio (profesor/a, director/a, limpador/a, xardineiro/a), co medio (carteiro/a, garda, vendedor/a, varredor/a), cos medios de transportes (piloto, condutor/a, azafato/a, capitán/a de barco, astronauta...), coa diversión e co lecer, cos medios de comunicación (actor/actriz, presentador/a) e cos servizos públicos (enfermeiro/a, padioleiro/a...).
 - Medios de transporte públicos e privados.
 - Outros medios de transporte: globo, ambulancia, nave espacial.
 - Os xoguetes. Xogos en compañía.
 - Algúns medios de comunicación e información.

- Algúns inventos importantes para o progreso da humanidade.
- Algúns instrumentos tecnolóxicos: ordenador, televisión, DVD, cámara fotográfica, reprodutores musicais, videoxogos, escáner, impresora, encerado dixital, canón proxector...
- Outros pobos do mundo: pobos do deserto, pobos dos polos, pobos de África...
- Algunhas nocións de historia: a Prehistoria, pinturas rupestres, a Idade Media...
- Festas e celebracións do ano.
- Universo e o espazo.
- Sistema solar.
 - As fases lunares.
 - Os satélites.
- Identificación do coidado que necesitan animais e plantas.
- Recoñecemento das características dalgúns animais e do medio no que viven.
- Observación directa de plantas.
- Contribución ao mantemento de ambientes limpos, saudables e non contaminados.
- Discriminación de comportamentos adecuados e inadecuados nos diferentes contextos.
- Recoñecemento de si mesmo/a como membro da súa familia. Identificación do lugar que ocupa nela.
- Descrición de datos relacionados coa súa propia familia.
- Adaptación aos hábitos horarios establecidos na casa.
- Identificación de sensacións asociadas ás calidades dalgúns obxectos.
- Discriminación e rexeitamento de xogos e xoguetes que impliquen violencia ou perigo.
- Participación na elaboración das normas e pautas de comportamento na clase e na casa.
- Utilización adecuada dos obxectos e espazos da casa.
- Coñecemento e valoración das diferentes profesións.
- Observación do medio urbano descubrindo os seus elementos e características.
- Observación de diversos servizos relacionados co consumo, co lecer e coa diversión.
- Discriminación de comportamentos adecuados e inadecuados na utilización dos medios de transporte.
- Interese por apreciar os cambios que se producen no medio relacionados co clima.

- Actitude de colaboración e axuda cos seus compañeiros/as e cos adultos.
- Asimilación das normas de seguridade viaria.
- Valoración e respecto polas diferentes profesións.
- Nocións básicas de medida: longo-curto, grande-mediano-pequeno, ancho-estreito, goso-delgado, pesado-lixero, alto-baixo.
- Cuantificadores básicos: cheo-baleiro, case cheo-case baleiro, máis ca-menos ca, tantos coma, un-varios-ningún, enteiro-metade, en medio, dentro-fóra....
- Os corpos no espazo: arredor, entre, diante-detrás, un lado-outro lado, esquerda-dereita, preto-lonxe, xunto-separado...
- Formas planas: círculo, cadrado, triángulo, rectángulo, rombo e ovalo.
- Corpos xeométricos: a esfera e o cubo.
- Nocións básicas de orientación temporal.
- Ordinais do 1º ao 10º.
- A serie numérica: os cardinais ata o 10.
- Relacións entre coleccións de obxectos: correspondencias e series.
- Propiedades dos obxectos: recto-curvo-lineal, suave-áspero, simetría, brando-duro, liso-rugoso, frío-quente, doce-salgado, rápido-lento, aberto-pechado, gama das cores...
- Experimentos sinxelos.
- Ordenación, comparación e clasificación de obxectos atendendo ás súas características e propiedades.
- Identificación dalgúns formas planas e dalgúns corpos xeométricos.
- Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen repartir.
- Utilización do cardinal para determinar cantidades.
- Expresión da situación espacial dos obxectos e de si mesmo/a.
- Establecemento de relacións entre coleccións.
- Composición e descomposición de números.
- Ordenación de obxectos segundo diversas leis de seriación.
- Uso axeitado dos cuantificadores.
- Observación, manipulación e comparación de figuras.
- Identificación dos números controlando a direccionalidade das súas grafas.
- Construción da serie numérica por adición da unidade.
- Identificación do cardinal anterior a cada un dos xa coñecidos.
- Iniciación á suma e á resta.

- Reforzo dalgúns contidos traballados mediante a realización das actividades do CD de xogos dixitais interactivos.
- Gusto por comparar e contar obxectos.
- Interese por descubrir as propiedades dos obxectos.
- Interese por descubrir a medida dos obxectos.
- Esfuerzo e interese por resolver situacións mediante as operacións e os números.

○ **Linguaxes: comunicación e representación**

▪ **Obxectivos**

- Descubrir a través das diferentes linguaxes o seu propio corpo e as súas posibilidades de expresión e comunicación aplicando técnicas para desenvolver a imaxinación e a creatividade.
- Utilizar a linguaxe oral de forma cada vez máis correcta como medio de comunicación e aprendizaxe, expresando ideas, sentimentos e desexos en conversas colectivas, adaptándose ás distintas situacións de comunicación e respectando as normas que rexen o intercambio lingüístico.
- Expresar emocións, sentimentos, desexos e ideas mediante a lingua oral e a través doutras linguaxes, elixindo a que mellor se axuste á intención e á situación.
- Expresarse cun léxico preciso e adecuado aos ámbitos da súa experiencia, cunha estruturación gramatical axeitada, cunha pronuncia clara e cunha entoación correcta, introducindo nas súas producións variacións morfolóxicas e utilizando as palabras do vocabulario.
- Utilizar e valorar a lingua oral para regular a conduta persoal, a convivencia e os procesos de pensamento dos alumnos e alumnas.
- Progresar na linguaxe oral producindo sons, sílabas e palabras con soltura, para así poder acometer a linguaxe escrita con éxito.
- Valorar a linguaxe escrita como medio de información e comunicación, descubriendo e identificando os seus instrumentos e elementos básicos.
- Iniciarse na escritura de palabras e frases significativas aplicando unha correcta dirección no trazo, unha presión adecuada do útil gráfico e unha posición correcta ao escribir.
- Identificar palabras dentro dunha frase e discriminar os fonemas dunha palabra de forma auditiva e visual.
- Ler, interpretar, ordenar e producir imaxes seguindo unha secuencia temporal, adestrándose así para a lectura, cunha actitude de interese e gozo.
- Achegarse á literatura infantil comprendendo, reproducindo e recreando textos sinxelos de contos clásicos e de poemas literarios, amosando actitudes de

- valoración, gozo e interese cara a eles.
- Inicialse nos usos sociais da lectura e da escritura valorándoas como instrumentos de comunicación, información e gozo.
 - Inicialse na lectoescritura favorecendo a formación de estruturas gramaticais simples e a realización de descrições sinxelas.
 - Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo de adestramento e gozo.
 - Inicialse no coñecemento e uso dalgunhas palabras básicas en lingua estranxeira relacionadas coas rutinas da vida cotiá e coas actividades que se realizan dentro da aula.
 - Participar en xogos sonoros, reproducindo grupos de sons con significado, palabras ou textos orais breves en lingua estranxeira.
 - Comprender as intencións e mensaxes doutros nenos, nenas e adultos, adoptando unha actitude positiva cara á lingua, tanto propia coma estranxeira.
 - Utilizar as posibilidades da expresión plástica, musical e corporal para representar obxectos, situacións, ideas, ampliando as súas posibilidades comunicativas e desenvolvendo a creatividade.
 - Comprender as mensaxes audiovisuais emitidas por algúns instrumentos tecnolóxicos (ordenador, televisión, DVD, reprodutores musicais, cámara fotográfica, videoxogos, encerado dixital, canón proxector...), entendendo a importancia e a necesidade de utilizalos moderadamente.
 - Utilizar o ordenador para acceder ao uso da linguaxe multimedia para mellorar ou reforzar habilidades e coñecementos.
 - Manifestar interese cara ás audicións de sons producidos por obxectos, instrumentos ou a voz, identificando algunhas calidades.
 - escoitar con pracer e recoñecer fragmentos musicais de diversos estilos.
 - Cantar, escoitar, bailar, interpretar e aprender cancións, bailes e danzas.
 - Coñecer algúns autores e artistas universais e as súas obras.
 - Mellorar no control da respiración nas actividades de movemento e relaxación.
 - Representar obxectos, situacións e persoas a través das distintas técnicas da expresión plástica.
 - Aplicar hábitos de hixiene e rutinas no uso do material para o desenvolvemento da expresión plástica que faciliten a consecución da autonomía persoal e a colaboración co grupo social ao que pertence.
 - Respectar as creacións artísticas dos seus compañeiros e compañeiras e do medio cultural ao que pertencen.
 - Recoñecer e identificar os sons do propio corpo e os do medio.

▪ **Contidos**

- Contos das unidades.
- Secuencias e partes do conto.
- Vocabulario relativo ás unidades.
- A linguaxe oral como medio de comunicación e expresión de distintos contidos e intencións.
- Situacións de comunicación oral.
- Textos de tradición oral: contos, poesías, refráns, cancións, adiviñas, trabalinguas...
- Normas que rexen o intercambio lingüístico.
- Formas socialmente establecidas para solicitar, agradecer e despedirse.
- A linguaxe escrita como medio de comunicación.
- Trazos.
- Iniciación á lectoescritura.
- Instrumentos que representan a lingua escrita: imaxes, etiquetas, carteis, libros, revistas...
 - Xénero, o número, os tempos verbais, o ritmo silábico, os nomes colectivos, o son das palabras...
- Achegamento aos textos da súa tradición cultural, comprendéndoos e reproducíndoos.
- Recitado de poesías, descubriendo o ritmo, a rima e a mensaxe que transmiten.
- Participación en conversas colectivas respectando as normas que rexen o intercambio lingüístico.
- Produción de mensaxes progresivamente máis complexas, combinando o xesto, a palabra, a ollada e a entoación.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Identificación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais percibindo semellanzas e diferenzas entre elas.
- Utilización axustada da información que proporcionan os diferentes soportes da lingua escrita: libros, revistas, carteis...
- Uso adecuado das formas socialmente establecidas para solicitar, saudar e despedirse.
- Atención, asimilación e reprodución de textos lidos polo/a profesor/a.
- Utilización da biblioteca con respecto e coidado.
- Valoración da biblioteca como recurso informativo de entretemento e gozo.
- Participación creativa en xogos lingüísticos para divertirse e para aprender.
- Construción de frases orais afirmativas, negativas, interrogativas e exclamativas

- coas palabras do vocabulario, respectando a concordancia de xénero e número.
- Produción de frases en futuro utilizando as variedades morfolóxicas do tempo verbal.
 - Comparación de imaxes establecendo semellanzas e diferenzas entre elas.
 - Control da direccionalidade nas actividades gráficas.
 - Esfuerzo por aumentar progresivamente o seu vocabulario e producir frases correctamente estruturadas.
 - Palabras e expresións dunha lingua estranxeira relacionadas cos contidos da unidade e coas actividades cotiás.
 - Posibilidade de utilización dalgunhas palabras básicas aprendidas en lingua estranxeira nas actividades que se realizan na aula.
 - Comprensión da idea global de textos orais en lingua estranxeira, en situacións habituais da aula e cando se fala de temas coñecidos e predicibles.
 - Actitude positiva cara á lingua estranxeira.
 - Materiais e técnicas da expresión plástica.
 - Contrastes claro-escuro nas diferentes cores.
 - Produción de materiais decorativos relacionados cos contidos da unidade a través das actividades plásticas.
 - Iniciación na observación e no coñecemento de obras artísticas mediante a realización das fichas de plástica.
 - Produción de obras plásticas, musicais e dramáticas e utilización de materiais e técnicas que desenvolvan a creatividade.
 - Recoñecemento das cores necesarias para obter outra cor.
 - Respecto cara ás obras plásticas dos demais.
 - Os sons do corpo e do medio.
 - Cancións das unidades. Expresións corporais asociadas ao ritmo, á melodía e ás letras das cancións.
 - Ritmo e música.
 - Ruído-silencio-música.
 - Recoñecemento de sons e ruídos da vida diaria: os sons do corpo, dos xoguetes e dos instrumentos musicais.
 - Propiedades do son: intensidade, altura, duración e timbre.
 - Pentagrama e as notas musicais.
 - A orquestra.
 - Danzas sinxelas.
 - Audición dalgunhas obras musicais de autores clásicos.
 - Artistas universais.

- Interese por coñecer e manexar instrumentos musicais.
- Actitude de curiosidade polos sons do medio.
- Dramatizacións sinxelas.
- Control do corpo, actividade, movemento e respiración.
- Posibilidades expresivas do corpo.
- Relaxación e equilibrio.
- Uso das posibilidades expresivas do corpo para manifestar sentimentos e emocións.
- Control da respiración en actividades de movemento e relaxación.
- Representación individual e colectiva de obras inventadas ou coñecidas.
- Interpretación de mensaxes corporais expresadas por outros.
- Actitude de escoita nas interpretacións musicais e dramáticas.
- A linguaxe audiovisual.
- Xogos e actividades interactivas.
- Iniciación no uso de instrumentos tecnolóxicos.
- Achegamento a diferentes producións audiovisuais (películas, documentais, debuxos animados, videoxogos...).
- Distinción progresiva entre a realidade e a representación virtual.
- Achegamento á interpretación de mensaxes, textos e relatos orais producidos por medios audiovisuais.
- Uso moderado das tecnoloxías da información e da comunicación.

2. Avaliación

2.1 Criterios de avaliación do nivel de 5 anos

- Coñecer as características diferenciais do seu propio corpo.
- Coñecer as articulacións e algunhas partes internas do seu corpo.
- Valorar, respectar e aceptar as diferenzas.
- Identificar o lado dereito e esquerdo do seu corpo.
- Discriminar as funcións dos sentidos do gusto, do tacto, do oído, da vista e do olfacto.
- Desenvolver estratexias para satisfacer as súas necesidades básicas.
- Contribuír no mantemento da orde e limpeza da clase e do colexio.
- Progresar nas súas habilidades motrices de carácter fino.
- Afianzar as nocións espazo-temporais aprendidas.
- Desenvolver hábitos de alimentación, saúde, hixiene e coidado persoal adecuados.
- Realizar con autonomía adecuada á idade as actividades relacionadas coa

- hixiene, coa alimentación e co vestido.
- Adquirir unha imaxe axustada e positiva de si mesmo/a.
 - Identificar e controlar de maneira adecuada á idade sentimentos e emocións.
 - Comprender a importancia dunha correcta alimentación, do exercicio ao aire libre e do deporte para o coidado da saúde.
 - Coñecer os cambios que se producen no medio relacionados co clima.
 - Desenvolver actitudes de coidado e respecto cara ao medio.
 - Afianzar a súa autonomía no ámbito escolar e familiar.
 - Valorar tódalas profesións do seu medio próximo.
 - Coñecer as características morfolóxicas e funcionais de animais e plantas de medio afastados.
 - Clasificar obxectos atendendo aos atributos aprendidos.
 - Coñecer algúns sinais de identidade doutras culturas presentes no seu medio.
 - Asimilar e aplicar as normas de seguridade viaria.
 - Comportarse adecuadamente nos lugares destinados á diversión e ao lecer.
 - Coñecer algúns medios de comunicación e información.
 - Adquirir nocións básicas de xeografía e historia.
 - Coñecer aspectos básicos do Universo: planetas, fases lunares...
 - Comprender a importancia dalgúns inventos para o progreso da humanidade.
 - Saber solicitar, agradecer e despedirse seguindo as pautas que establece o intercambio lingüístico.
 - Producir mensaxes máis complexas.
 - Expresar sentimentos, necesidades, intereses, desexos... mediante a lingua oral e a través doutras linguaxes.
 - Aumentar progresivamente o seu vocabulario.
 - Mostrar actitude positiva cara á lingua estranxeira.
 - Memorizar pequenos textos.
 - Amosar interese polos textos de literatura infantil: contos clásicos, poemas, adiviñas... lidos na clase.
 - Utilizar a biblioteca con respecto e coidado.
 - Construír frases afirmativas, negativas, interrogativas e exclamativas cunha estruturación correcta para a súa idade.
 - Comprender, interpretar e producir imaxes.
 - Ampliar o seu vocabulario.
 - Iniciarse na lectoescritura.
 - Iniciarse no coñecemento do código escrito a través de palabras e frases moi significativas e usuais.

- Relatar feitos ordenados temporalmente.
- Coñecer autores e autoras literarios.
- Utilizar adecuadamente os cuantificadores básicos aprendidos.
- Coñecer a serie numérica ata o cardinal 10.
- Asociar correctamente as grafías dos dez primeiros números coas cantidades correspondentes.
- Recoñecer as formas xeométricas planas.
- Realizar clasificacións e seriacións sinxelas.
- Coñecer algúns ordinais.
- Iniciarse na suma e na resta.
- Empregar adecuadamente as técnicas, útiles e materiais da expresión plástica.
- Coñecer cores primarias, secundarias e as gamas da cor.
- Coñecer algunhas obras artísticas do seu medio.
- Iniciarse no uso dalgúns instrumentos tecnolóxicos.
- Expresarse e comunicarse utilizando medios e técnicas propios da linguaxe audiovisual e das novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Distinguir entre a realidade e a representación virtual.
- Avanzar no coñecemento das súas posibilidades corporais expresivas.
- Controlar o seu corpo en actividades de movemento, equilibrio e relaxación.
- Identificar algunhas calidades do son.
- Discriminar o son producido por algúns instrumentos musicais.
- Gozar coa audición de composicións musicais de diferentes estilos.
- Aprender as letras das cancións das unidades.
- Participar amosando iniciativa nas representacións dramáticas realizadas na clase.
- Experimentar con xestos e movementos como recursos corporais para expresarse e comunicarse.

2.2 Avaliación na modalidade semi ou non presencial

Para unha axustada avaliación global, contínua e formativa do alumnado, teránse en conta os aspectos e observacións recollidas durante a modalidade presencial. Asimesmo, valorarásese a regularidade, a participación activa... nas diferentes actividades e propostas realizadas telemáticamente da maneira máis obxectiva e natural posible tendo en conta as características da etapa e da situación na que nos atopamos. Sen deixar de lado o aspecto emocional sendo conscientes da súa importancia para o desenvolvemento integral dos nenos/as.

3. Competencias básicas do nivel 5 anos

○ **Competencia en comunicación lingüística**

- Expresar e comprender mensaxes orais.
- Utilizar a lingua oral para evocar e relatar feitos, para explorar coñecementos e aprender.
- Expresarse de forma clara e coherente cun vocabulario adecuado á súa idade, cunha estruturación correcta, cunha entoación e cunha pronuncia clara.
- escoitar e respectar as opinións dos compañeiros e das compañeiras.
- Describir persoas, obxectos e situacións.
- Observar e describir debuxos, viñetas, láminas, fotografías, carteis, pictogramas...
- Interpretar imaxes en voz alta.
- Comprender as explicacións e as informacións dos contos lidos polos adultos.
- Comprender globalmente, sen necesidade de comprender as partes.
- Iniciarse na comprensión da información visual de viñetas, ilustracións dos contos, fotografías, pictogramas, imaxes de arquivos informáticos, diapositivas...
- Dialogar sobre acontecementos relacionados coa vida cotiá.
- Participar en debates destinados a favorecer a convivencia.
- Respectar a quenda de palabra.
- Saber dialogar sobre os diferentes temas relacionados cos seus intereses e formar progresivamente xuízos críticos.
- Expresar en voz alta desexos, gustos, intereses, preferencias e necesidades.
- Recrear na aula situacións da vida cotiá.
- Relatar e inventar pequenas historias a partir das súas vivencias, contos ou imaxes.
- Describir acontecementos coas súas propias palabras respectando progresivamente a orde cronolóxica.
- Participar de maneira creativa en xogos lingüísticos para divertirse e aprender.
- Empezar a coñecer e a utilizar as regras básicas do funcionamento da lingua.
- Utilizar un vocabulario organizado verbo das rutinas de comprensión e comunicación en lingua estranxeira.
- Utilizar as destrezas necesarias para iniciarse na escritura e na lectura.
- Utilizar a biblioteca.

- Ler e escribir palabras e frases relevantes relativas ao seu medio e vivencias.
- Utilizar estratexias diversas para comprender o que os demais din: atender ao ton da voz, á entoación, ás pausas, aos xestos...
- Memorizar e recitar pequenas poesías, refráns, trabalinguas e cancións en lingua propia e estranxeira.
- Dramatizar textos literarios coa axuda doutros recursos lingüísticos diferentes á linguaxe verbal.
- Utilizar recursos e fontes de información escrita e das tecnoloxías da información e da comunicación como medios de información e de aprendizaxe.
- Utilizar as competencias e coñecementos da primeira lingua como base para construír e adquirir a segunda..

○ **Competencia matemática**

- Comezar a aplicar operacións matemáticas para resolver problemas cotiáns amosando seguridade e confianza nas capacidades propias.
- Empregar o coñecemento das formas e das figuras xeométricas para describir e resolver situacións cotiáns que o requiran.
- Iniciar na utilización da linguaxe matemática para expresar ideas.
- Manipular obxectos e descubrir as súas calidades.
- Establecer relacións sinxelas entre os obxectos.
- Discriminar as diferentes cores.
- Ordenar obxectos, números, formas e cores atendendo a dous ou máis criterios.
- Resolver problemas xuntando e quitando.
- Comezar a situarse espacial e temporalmente.
- Situar no tempo as actividades cotiáns.
- Situarse e seguir itinerarios na acción e no plano.
- Identificar e utilizar os números de polo menos un só díxito e asocialos á cantidade.
- Identificar e utilizar os cuantificadores básicos de cantidade, tamaño, espaciais e temporais.

○ **Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico**

- Realizar as tarefas con seguridade e confianza.
- Previr riscos e perigos.
- Observar o seu medio próximo e relacionarse con el.

- Localizar e orientarse en espazos cotiáns.
 - Situarse no tempo (onte, hoxe, mañá, un día, unha semana, as estacións) e localizar acontecementos relevantes.
 - Identificar e definir pola súa utilidade os elementos representativos da realidade máis próxima: profesionais, elementos urbanos e naturais, medios de comunicación, animais, transportes, manifestacións culturais...
 - Desenvolver a capacidade para lograr unha vida saudable nun medio limpo e coidado.
 - Percibir o seu medio físico, algúns dos cambios que nel se producen coa chegada das diferentes estacións.
 - Comezar a utilizar a observación, a manipulación e a exploración para coñecer mellor os seres vivos do medio que o rodea.
 - Resolver problemas, na medida das súas posibilidades, mantendo relacións co medio próximo.
 - Coñecer algúns dos efectos que produce a súa actuación no medio.
 - Iniciarse na comprensión dos sucesos que acontecen no medio sendo capaces de predicir progresivamente algunhas consecuencias.
 - Respetar plantas, animais, obxectos...
 - Participar nos procesos colectivos que busquen manter a aula e os materiais limpos e ordenados, igual ca os corredores e recreos do centro, a casa, a rúa...
- **Tratamento da información e competencia dixital**
- Adquirir os coñecementos, as habilidades, e as destrezas básicas necesarias para a utilización do ordenador dispoñible na aula, no centro ou na casa.
 - Manexar os diferentes movementos do rato: mover, arrastrar, facer clic, dobre clic, uso do rato dereito, roda...
 - Coñecer os elementos e periféricos do ordenador: monitor, teclado, rato...
 - Acender e apagar o ordenador.
 - Abrir e pechar programas.
 - Realizar tarefas en grupo co ordenador.
 - Respetar o tempo de uso das novas tecnoloxías.
 - Coñecer o vocabulario básico do ordenador adecuado á idade.
 - Utilizar, de maneira guiada, algúns xogos educativos de ordenador.
 - Dominar sinxelos xogos interactivos de ordenador.
 - Comprender a información integrándoa progresivamente nos esquemas de coñecementos previos.
 - Comunicar a información e os coñecementos adquiridos mediante diferentes recursos e técnicas.
 - Empezar a aproveitar a información facilitada polas novas tecnoloxías.
 - Comezar a coñecer diferentes tipos de información e de linguaxes.

- Utilizar as tecnoloxías de maneira responsable e segura.
- **Competencia social e cidadá**
 - Saber escoitar os seus compañeiros e compañeiras e os adultos.
 - Resolver os pequenos problemas que se lle presentan na súa vida cotiá utilizando o “diálogo”.
 - Saber relacionarse.
 - Establecer vínculos e relacións construtivas cos compañeiros e compañeiras.
 - Saber convivir e respectar os demais.
 - Coidar a saúde.
 - Desenvolver actitudes de responsabilidade e de respecto cara aos compañeiros e compañeiras e cara a si mesmo/a.
 - Coñecerse a si mesmo/a amosando unha actitude positiva ante a vida e intentado previr os pequenos problemas da vida cotiá.
 - Tolerar as opinións dos seus compañeiros e das súas compañeiras, aceptando que os demais teñen os seus propios puntos de vista.
 - Compartir actividades con persoas doutras culturas.
 - Tolerar as opinións dos seus compañeiros e das súas compañeiras, aceptando que os demais teñen os seus propios puntos de vista.
 - Rexeitar a desigualdade valorando, pouco a pouco, a diversidade como medio para o enriquecemento persoal e social.
 - Comezar a desenvolver as habilidades necesarias para traballar en grupo.
 - Desenvolver hábitos de comportamento adecuados e adaptados aos diferentes contextos nos que se desenvolve.
 - Aceptar normas de convivencia.
 - Ser quen de aceptar as diferenzas, as culturas, as crenzas, as características persoais..., dos seus compañeiros e compañeiras.
 - Comezar a compartir, colaborar, escoitar, prestar axuda, pedir axuda, participar, tolerar e aceptar as diferenzas.
- **Competencia cultural e artística**
 - Saber apreciar e valorar as producións plásticas dos seus compañeiros e compañeiras.
 - Comezar a utilizar diferentes medios de expresión musical, plástica, corporal, visual..., para expresar ideas, sentimentos, desexos, preferencias, necesidades, emocións e intereses.
 - Nas actividades plásticas realizadas en grupo, tomar conciencia da responsabilidade individual para a consecución dun resultado final e da importancia de apoiar e de apreciar as contribucións dos demais membros do equipo da súa mesa.

- Desenvolver a imaxinación, a creatividade, a iniciativa persoal, a sensibilidade e o sentido estético.
 - Coñecer algunhas manifestacións culturais e artísticas do seu medio.
 - Comezar a desenvolver destrezas e habilidades para saber percibir e comprender producións artísticas e culturais.
 - Comprender e representar imaxes con diferentes materiais plásticos.
 - Utilizar o corpo como un elemento expresivo máis.
 - Representar graficamente o medio.
 - Seguir diferentes ritmos.
 - Participar en movementos e danzas.
 - escoitar obras musicais.
 - Utilizar o son e o silencio como forma de expresión.
- **Competencia para aprender a aprender**
 - Resolver con progresiva autonomía os pequenos problemas que se lle presentan na súa vida cotiá.
 - Sentir o desexo e a curiosidade por aprender.
 - Empezar a coñecer as súas posibilidades e limitacións aprendendo a esforzarse e a superarse.
 - Saberlles pedir axuda aos seus compañeiros e compañeiras e aos adultos sempre que o necesite.
 - Basearse no que xa sabe para aprender cousas novas.
 - Saber aplicar o que aprende para desenvolverse na vida cotiá.
 - Comprender a información integrándoa, progresivamente, nos esquemas previos de coñecemento.
 - Ser capaces de analizar, razoar e comunicar progresivamente as súas ideas de forma adaptada á idade.
 - Desenvolver estratexias para favorecer o desenvolvemento da atención, da concentración, da memorización e da resolución de problemas.
 - Observar, explorar e manipular obxectos.
 - Aprender a aprender gozando.
 - Traballar de forma cooperativa.
 - Comezar a respectar normas básicas sobre o traballo.
 - Utilizar os recursos e materiais de forma adecuada.
 - **Competencia para a autonomía e iniciativa persoal**
 - Ser responsables coas pequenas decisións que toma.
 - Ser cada vez máis responsable, perseverante, autocrítico, con iniciativa persoal, creativo...
 - Empezar a buscar solucións para os pequenos problemas que se lle presentan na

súa vida cotiá.

- Desenvolverse adecuadamente con autonomía progresiva e iniciativa persoal nos diferentes ámbitos da vida.
 - Concluír as rutinas persoais de alimentación, vestido, aseo e descanso con maior eficacia e “sós”.
 - Desenvolver habilidades sociais: respecto polas opinións e necesidades dos demais, capacidade de diálogo e de traballo cooperativo, tolerancia.
 - Ir coñecendo progresivamente a si mesmo/a.
 - Continuar desenvolvendo a autoestima e a confianza en si mesmo/a.
 - Mostrarse seguro da súa propia eficacia á hora de manexar útiles.
 - Mostrar seguridade na realización de actividades.
 - Prestar e manter a atención.
 - Abordar novas tarefas e iniciativas asumindo certos riscos que é capaz de controlar.
- **Competencia emocional**
- Manifestar afecto polos demais e aceptar as manifestacións de cariño das persoas que o rodean.
 - Interesarse polos pequenos problemas que se lles presentan aos seus compañeiros e compañeiras.
 - Aprender a esforzarse máis cando non conseguiu algo que podería lograr cun pouco máis de empeño.
 - Aceptar que non sempre pode ter ou facer o que quere.
 - Desenvolver valores persoais como a autoestima.
 - Confiar en si mesmo/a.
 - Superar as súas propias limitacións.
 - Contribuír, desde o respecto, a unha convivencia adecuada en situacións de xogo.
 - Adaptarse á rutina da vida escolar.
 - Identificar as emocións propias e ser quen de comprender as dos demais.
 - Expresar diferentes emocións: alegría, tristeza, enfado, coraxe, entusiasmo, pracer...
 - Desenvolver habilidades sociais que lle permitan relacionarse, convivir cos demais, cooperar e traballar en equipo: respecto polas ideas dos outros, capacidade de diálogo e traballo cooperativo, poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais...
 - Desenvolver habilidades sociais conducentes a fomentar a sociabilidade e a convivencia: compartir, cooperar, participar, axudar, respectar, tolerar, aceptar...

4. Metodoloxía pedagóxica

- Observación do elementos motivadores dos proxectos para introducir o centro de interese e algúns contidos que se van traballar.
- Formulación de preguntas aos nenos e nenas para saber os seus coñecementos previos sobre os contidos que se van desenvolver.
- Manipulación, observación, descrición, ordenación temporal... das láminas secuenciadas dos contidos.
- Utilización dos diferentes materiais e recursos dispoñibles na aula (material da aula, material do alumno, láminas de expresión plástica, actividades musicais e psicomotrices, contos clásicos, contos de emocións, contos locutados...).
- Audición, dramatización e aprendizaxe das cancións dos proxectos.
- Presentación de diferentes situacións nas que os nenos e as nenas teñan que resolver sinxelos problemas establecendo relacións causa-efecto.
- Utilización do entorno dixital interactivo para reforzar os contidos traballados.
- Establecemento de pautas homoxéneas de actuación coa familia mediante diferentes recursos: titorías, láminas de reforzo para traballar na casa, boletíns, comunicacións recíprocas a través do Libro para a familia...
- Iniciación na orientación temporal e na observación do tempo mediante os calendarios e os pictogramas do tempo atmosféricos do material da aula.
- Discriminación das cores aprendidas en obxectos e elementos da clase a través de xogos.
- Identificación dalgúns segmentos e elementos do corpo en si mesmo/a, no mural do corpo e en xogos do material de aula.
- Aplicación dos hábitos de hixiene, alimentación, descanso, coidado da saúde e seguridade persoal aprendidos en situacións da vida real.
- Audición e interpretación de cancións en grupo.
- Exploración e utilización de materiais e útiles da expresión plástica.
- Creación de situacións na aula que potencien o desenvolvemento da linguaxe oral (preguntas do docente, adorno da clase, cantos, asembleas, actividades en grupo, relato de vivencias...).
- Iniciación no desenvolvemento de actitudes de respecto e tolerancia cara ás persoas do seu medio próximo mediante explicacións e diálogos.
- Ambientación da aula co mural da árbore e cos traballos realizados polos nenos e nenas nas plásticas relacionados coas diferentes estacións e festas da súa Comunidade.

- Observación directa e indirecta dos fenómenos atmosféricos e dos cambios producidos no medio coa chegada das diferentes estacións mediante saídas ao exterior, e mediante a visualización de documentais, de revistas, fotografías...
- Utilización do despregable de números do material da aula para identificar e aprender os números traballados.
- Exercitación da memoria mediante pequenas rimas.
- Manipulación progresivamente autónoma dos libros do recuncho da linguaxe oral.
- Mellora na coordinación dinámica xeral e óculo-manual a través da realización das actividades psicomotrices e plásticas da unidade.
- Identificación de diferentes accións utilizando os pictogramas e os rótulos de accións do material de aula.
- Relato da idea global dos contos coas propias palabras do neno e da nena.
- Comparación, manipulación, observación e agrupación de obxectos atendendo á forma, á cor, á situación espacial, ao tamaño, ás propiedades e aos cuantificadores.
- Realización de xogos de ordenador para potenciar a observación, a memoria, a atención e a concentración.
- Desenvolvemento do razoamento lóxico mediante a realización de series sinxelas e outras actividades co material do alumno e co material de aula.
- Realización de debuxos como medio de expresión e aprendizaxe.
- Emprego das palabras e expresións aprendidas en inglés nas actividades cotiás.
- Ampliación do vocabulario e mellora da expresión oral mediante o uso dos recursos do material da aula de iniciación á lecto-escritura.
- Desenvolvemento da coordinación viso-manual a través dos xogos do material de aula: encaixables de figuras, quebracabezas...
- Realización de pequenos experimentos para introducilos no mundo científico e para comprobar algunhas das explicacións dadas polo docente.
- Planificación de saídas con diferentes finalidades.

5. Contidos mínimos esixibles

- **Coñecemento de sí mesmo e autonomía persoal.**
- Recoñecemento, identificación e representación do corpo, na súa globalidade e as súas diferentes partes.

- Coordinación e control do seu corpo e das súas posibilidades motrices.
- Recoñecemento dos sentidos e identificación de percepcións e sensacións.
- Construción dunha imaxe positiva propia, aceptando a súa identidade.
- Identificación e manifestación dos propios sentimentos, vivencias e emocións.
- Participación nos xogos, amosando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas.
- Participación nos xogos e actividades colectivas aceptando as normas que os rexen.
- Resolución con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborando nas tarefas e aceptando as normas.
- Hábitos de saúde, alimentación saudables, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.

○ **Coñecemento do contorno**

- Exploración dos obxectos e elementos do contorno inmediato e actuación sobre eles.
- Identificación das propiedades físicas dos obxectos: forma, color, tamaño, peso.
- Uso dos números para identificar, contar, clasificar e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor numérico e conceptual.
- Resolución de problemas sinxelos relacionados con situacións cotiáns, empregando magnitudes de peso, lonxitude e capacidade.
- Figuras xeométricas básicas: liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas...
- Descrición e representación dun modo elemental da situación deles en relación a obxectos e ás demais persoas.
- Nocións básicas espaciais elementais: arriba, abaixo; dentro, fora; cerca, lonxe;
- Coñecemento das nocións temporais básicas.
- Interese polo medio natural e os seus cambios. Manifestación de actitudes de coidado e de respecto fronte a natureza e participación nas actividades para conservala.

○ **Linguaxes: comunicación e representación.**

- - Utilización da lingua oral para unha comunicación positiva.
- Comprensión das mensaxes orais, amosando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.

- Actitude positiva fronte a aprendizaxe da lingua estranxeira.
- Textos escritos na aula e no entorno. Amosando interese por eles e interesándose no uso e na comprensión das súas finalidades.
- Produción de diferentes textos.
- Os diferentes linguaxes artísticos: Expresión e comunicación, utilizando medios, materiais adecuados.

6. Criterios de cualificación

Teremos en conta a información obtida a través de diversas técnicas. Por exemplo, obteremos información **a través dos traballos e producións dos nenos e nenas** para cualificalos, así como tamén a través dos titores e familias ou **a partir da observación directa e sistemática**, con preguntas de comprensión despois de tratar algún tema ou ler un conto.

7. Modalidade de ensino semi ou non presencial

A metodoloxía habitual de traballo adaptada a esta situación excepcional xerada pola COVID estará encamiñada á estimulación e desenvolvemento de habilidades e aptitudes da etapa utilizando medios telemáticos para promover a adquisición de novas aprendizaxes, reforzando as xa adquiridas, que nos permitan levar un seguemento individualizado de cada alumno/a atendendo ás súas necesidades e características persoais e familiares. Tendo en conta o aspecto emocional para o correcto desenvolvemento do alumnado.

As propostas e actividades terán un enfoque lúdico e motivador, dando continuación aos proxectos escollidos para este curso. Realizaranse a través de retos, obradoiros, scape room, genially, fichas autocorrexibles, encontros có grupo a través de videochamadas, tutoriais... respectando os ritmos individuais de cada neno/a.

Seguindo o protocolo establecido polo colexio a nivel xeral aqueles alumnos/as que non dispoñan dos medios tecnolóxicos ou de acceso aos mesmos, disporán doutras alternativas facilitadas polo centro educativo, previamente consensuadas, adaptadas ás súas circunstancias particulares. Estas alternativas asegurarán a consecución dos obxectivos marcados na etapa.

8. Secuenciación

8.1 CEREBRO

▪ **Obxectivos e contidos.**

○ **Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.**

▪ **Obxectivos**

- Expresar coñecementos e experiencias relacionadas co cerebro.
- Definir e formular preguntas sobre aquilo que queren saber sobre o cerebro.
- Utilizar diferentes fontes para buscar información: observación directa, imáxes, libros, familia, medios dixitais...
- Utilizar estratexias de organización de coñecementos baseadas no tratamento da información.
- Experimentar, explorar xestos e posturas coas mans e o corpo e os obxectos.
- Mostrar coñecemento de un mesmo e dos outros a partir das experiencias sensoriais, motrices e expresivas.
- Coñecer os hábitos saudables que axudan ao correcto funcionamento e ao coidado do cerebro.

▪ **Contidos**

- Coñecementos previos sobre o cerebro
- Preguntas sobre o tema do proxecto
- Fontes de información
- Mapa conceptual
- Control motriz na manipulación de obxectos
- Partes externas do corpo humano
- Experimentación de xestos, posturas e movementos corporais.
- Hábitos saudables: descanso, alimentación, exercicio e prevención de riscos.

○ **Coñecemento do medio (físico e social)**

- Coñecer e valorar a importancia do cerebro.
- Recoñecer habilidades que desenvolven grazas ao traballo do cerebro: función motora, memoria, razoamento, solución de problemas, fala, aprendizaxe, imaxinación, percepción de sensacións e sentimentos.
- Relacionar habilidades e hemisferios cerebrais.
- Coñecer a función das neuronas.
- Recoñecer os órganos máis importantes do aparello respiratorio e circulatorio.
- Identificar os órganos externos dos cinco sentidos e experimentar sensacións que se perciben a través deles.

- Identificar e valorar o traballo realizado por diferentes persoas relacionadas co coñecemento do corpo humano.
- Coñecer as propiedades e características dos obxectos.
- Utilizar os órganos dos sentidos para explorar obxectos a través deles.
- Ser capaz de desenvolver estratexias que faciliten a resolución de problemas e a toma de decisións.
- Extraer conclusións como resultado dunha experiencia.
- Participar de forma activa nas actividades propostas, respectando e compartindo as aportacións dos outros.
- Identificar e nomear as propiedades físicas dos obxectos e as persoas.
- Establecer relacións entre os elementos dun conxunto: clasificación, seriación, ordenación...
- Contar obxectos en situacións de xogo e en situacións experimentais.
- Asociar o número coa cantidade.
- Aproximarse ao concepto de tempo.
- Aplicar o razoamento para resolver situacións problemáticas.
- Iniciarse no coñecemento das operacións de adición e sustracción.

■ **Contidos**

- O cerebro: características e funcións
- As partes do cerebro segundo as súas funcións: os lóbulos cerebrais.
- Os hemisferios cerebrais.
- Partes do sistema nervioso: encéfalo, médula espiñal e nervios.
- Funcionamento do sistema nervioso.
- As neuronas
- Órganos mais importantes do aparello respiratorio e circulatorio: pulmóns e corazón.
- Características e funcións dos cinco sentidos: vista, gusto, oído, olfato e tacto.
- Coñecemento das profesións: científicos, neurociruxáns, neurólogos...
- Exploración e experimentación cós materiais do recuncho do proxecto.
- Exploración sensorial de obxectos.
- Establecemento de relacións entre anticipacións e resultados de experiencias.
- Propiedades dos obxectos: forma, color, tamaño.
- Orden: de maior a menor e de menor a maior.
- Relación de correspondencia entre os elementos dun conxunto.
- Serie numérica ascendente e descendente.
- Secuencias temporais: antes e despois.

- Estimacións, comparacións de medidas.
- Composición de quebracabezas.
- Desenvolvemento de estratexias que faciliten a resolución de problemas.
- Iniciacións á suma e á resta.

- **Linguaxes, comunicación e representación**

- **Obxectivos**

- Utilizar a cámara dixital para documentar os pasos das actividades nos talleres.
- Iniciarse no manexo do ordenador e no uso da tecnoloxía como medio para adquirir información e coñecementos.
- Habituar a escoitar atentamente aos demais, respectando a quenda de palabra.
- Compartir oralmente cos demais as observacións e experimentacións.
- Interesarse polas novas informacións.
- Expresarse de forma ordenada e utilizar a linguaxe oral para relatar feitos, expresar hipóteses e comunicar ideas e sentimentos.
- Relacionar as novas informacións con outras xa coñecidas.
- Describir ordeadamente feitos.
- Consultar as fontes de documentación para encontrar a resposta.
- Expresar os coñecementos aprendidos relacionados co cerebro.
- Interesarse pola linguaxe escrita.
- Ampliar o vocabulario.
- Coñecer diferentes sistemas de expresión literaria: conto, poesía, adiviñanza.
- Gozar das expresións plástica, corporal e musical, valorándoas.
- Coñecer diferentes técnicas plásticas.
- Melhorar a coordinación óculo-manual e favorecer o desenvolvemento do ton muscular.
- Descubrir as posibilidades e as limitacións dos materiais empregados.
- Coñecer a obra de Auguste Rodin.

- **Contidos**

- O punto de vista e o encadre das imaxes
- Programas para o tratamento de imaxes
- Valoración dos traballos propios e dos outros
- Internet e buscadores infantís.
- Participación e adecuación comunicativa: a asemblea, as preguntas e respostas.
- Asociación de informacións
- Interpretación de informacións
- Expresión e comprensión oral en situacións comunicativas
- Memorización de feitos e situacións

- Vocabulario referido ao campo da experiencia
 - Iniciación á linguaxe escrita
 - A lectura e a escritura como medios de información e comunicación
 - O conto, a poesía, a adiviñanza como sistemas de expresión oral
 - As posibilidades lúdicas da linguaxe
 - Producción de historias
 - Descrición e narracións orais
 - Uso do vocabulario: nomes, accións e calidades.
 - Os cores primarios e secundarios.
 - Aplicación de técnicas básicas: debuxo, pintura, modelado, estampación...
 - Elementos básicos da linguaxe plástica: liña, forma, cor, textura, espazo.
 - Experimentación con obxectos sonoros.
 - Son-silencio e calidades do son
 - Uso do corpo como medio de expresión
 - Producción de composicións
 - Manifestacións artísticas: a escultura
 - Obras artísticas: O pensador, de Auguste Rodin
- **Criterios de avaliación**
 - Aporta materiais, información e opinións ao grupo.
 - Comparte espazos e materiais colaborando no seu coidado e orden.
 - Desenvolve estratexias que faciliten a resolución de problemas e a toma de decisións.
 - Amona interese, na realización de experimentos, talleres e actividades no recuncho.
 - Expresa coñecementos e experiencias relacionadas co cerebro.
 - Plantexa preguntas sobre aquilo que quere saber sobre o cerebro.
 - Identifica e valora o traballo realizado por diferentes persoas da nosa contorna: médicos e científicos.
 - Recoñece as partes do sistema nervioso.
 - Identifica os órganos externos dos sentidos e as sensacións que se perciben a través deles.
 - Coñece os hábitos saudable que axudan ao correcto funcionamento e ao coidado do cerebro.

- Recoñece as calidades físicas dos obxectos e persoas.
- Establece relacións entre os elementos dun conxunto: clasificación e seriación.
- Conta obxectos en situacións de xogo e en situacións experimentais.
- Asocia o número coa cantidade.
- Xustifica e explica as súas respostas.
- Relaciona as novas informacións con outras xa coñecidas.
- Expressa os coñecementos aprendidos relacionados co cerebro.
- Describe ordeadamente feitos e situacións relacionadas co tema do proxecto.
- Coñece algunhas das habilidades que se pode desenvolver grazas ao traballo do cerebro: motora, memoria, razoamento, solución de problemas, fala, percepción de sensacións e sentimentos.
- Coñece o funcionamento do ordenador e consegue o dominio básico do mesmo.
- Goza da expresión plástica, a expresión corporal e musical.

- **Competencias básicas**

- Controlar algúns sentimentos e emocións. (c.e.)
- Desenvolverse con autonomía axeitada á idade nas rutinas relacionadas coa hixiene e coa alimentación. (c.a.i.p.) (c.a.a.)
- Contribuír no coidado da natureza reciclando produtos. (c.c.i.m.f.)
- Adquirir progresivamente unha serie de valores: responsabilidade, perseveranza, coñecemento de si mesmo/a, autoestima, creatividade, control emocional, saber afrontar os problemas, aprender dos erros... (c.e.) (c.s.c.) (c.a.a.)
- Percibir e coñecer os diferentes espazos da clase e da escola orientándose de forma progresivamente autónoma nela. (c.a.i.p.) (c.c.i.m.f.)
- Aceptar as normas de comportamento e de convivencia establecidas na clase. (c.s.c.) (c.e.)
- Utilizar os conceptos matemáticos adquiridos nas actividades cotiás. (c.a.a.) (c.m.)
- Clasificar obxectos discriminando calidades referidas ás formas circular e cadrada e aos tamaños longo e curto. (c.c.i.m.f.) (c.m.)
- Utilizar o novo vocabulario aprendido nas súas conversas habituais. (c.c.l.)
- Saudar correctamente ao entrar e ao saír dos lugares. (c.c.l.) (c.s.c.)
- Manter a atención na clase. (c.a.a.)

- Participar activamente nas dramatizacións e actividades realizadas na clase.
(c.a.i.p.) (c.e.)

Competencia en comunicación lingüística (c.c.l.). Competencia matemática (c.m.). Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico (c.c.i.m.f.). Tratamento da información e competencia dixital (t.i.c.d.). Competencia social e cidadá (c.s.c.). Competencia cultural e artística (c.c.a.). Competencia para aprender a aprender (c.a.a.). Competencia para a autonomía e iniciativa persoal (c.a.i.p.). Competencia emocional (c.e.).

- **Metodoloxía didáctica**

Metodoloxía didáctica

As fases do proxecto

Fase 1: Inicio

O proxecto iníciase coas propostas motivadoras de libre elección por parte do profesorado. Nun primeiro momento tenteamos os intereses dos alumnos en torno ao tema:

¿Qué saben os nenos?, ¿qué queren saber? A continuación, envíase a carta a casa.

Fase 2: Recollida de información

Recompilación de información: coñecementos dos alumnos, información obtida desde a contorna familiar, visitas á aula de persoas que nos poidan proporcionar información sobre o tema do proxecto, libros, revistas, diarios, Internet..., visitas e saídas a lugares relacionados co proxecto.

Achega da información ao grupo: presentacións da información obtida polos nenos e nenas e organización das informacións achegadas. Organización para a elaboración progresiva do mapa conceptual.

Fase 3: Desenvolvemento

O docente organiza e reconduce os intereses dos nenos de forma que a maioría dos conceptos expresados teñan unha resposta satisfactoria que pode vir dada pola formulación dos diferentes talleres e actividades no Recuncho do proxecto.

Organización e temporalización de tarefas: diario do proxecto, talleres, recuncho de actividades.

Realización do dossier do proxecto e continuación da elaboración do mapa conceptual. Vaise dando forma ao dossier coas actividades, a documentación e as achegas mentres se completa o mapa conceptual.

Fase 4: Peche e avaliación

Nesta fase pechamos o traballo co proxecto. Propóñense actividades para pechar o proxecto, que servirán, como o seu nome indica, para poñerlle fin de forma especial ao proxecto e compartir a experiencia co resto da comunidade escolar. As propostas de peche manteñen relación coas actividades realizadas e seguen os contidos traballados no proxecto. Neste momento, conclúese a elaboración do mapa conceptual.

○ Materiais e recursos didácticos

- Elementos motivadores.
- Materiais para ambientar e decorar a aula.
- Contos.
- Láminas secuenciadas do conto.
- Láminas de contos clásicos.
- Cartolinas de imaxes.
- Pictogramas.
- Nexos.
- Etiquetas de psicomotricidade.
- Rótulos de accións, lugares e obxectos.
- Semáforo.
- CD de cancións, de música clásica, de audicións de contos e lotos sonoros e de contos animados.
- CD de xogos dixitais interactivos.
- Materiais utilizados nas actividades plásticas e psicomotrices.
- Materiais utilizados para a organización dos diferentes recunchos.
- Outros recursos incluídos na caixa do material de aula.

○ Espazos

- Recuncho da lectura e da linguaxe oral.
- Recuncho do xogo simbólico.
- Recuncho dos xogos didácticos.
- Recuncho dos investigadores e das investigadoras.

- Recuncho dos disfraces.
- Diferentes dependencias e espazos da escola.

- **Temporalización**

Esta unidade desenvolverase unha vez superado o período de adaptación dos nenos e das nenas, durante o primeiro trimestre do curso. Terá unha duración aproximada de 10 semanas. Esta temporalización é flexible, dependerá das necesidades de cada contexto educativo e das características do alumnado.

- **Medidas de atención á diversidade e actividades de reforzo.**

- Formación de grupos reducidos de alumnos e alumnas para realizar visitas guiadas polos diferentes espazos e dependencias da escola, para que desenvolvan a autonomía nos desprazamentos e reforcen o coñecemento sobre o colexio.
- Observación dos elementos motivadores do proxecto sinalando obxectos e dependencias da clase, diferentes profesionais que aparecen, elementos de diferentes tonalidades e de diferentes formas e tamaños desenvolvendo, desta forma, a observación e a atención e reforzando algúns contidos traballados na unidade.
- Realización de xogos que favorezan o desenvolvemento da motricidade fina: amasar boliñas de plastilina, resgar papel, ensartados, inserir macarróns en la...
- Utilización do espello do recuncho do xogo simbólico.
- Utilización do material de aula de iniciación á lecto-escritura para desenvolver a expresión oral.
- Utilización da alínea do conto “A biblioteca” para desenvolver o coñecemento e dalgúns autores da literatura universal e das súas obras.
- Realización de exercicios de pronuncia e articulación coas tarxetas de vocabulario do material de aula para reforzar o desenvolvemento da linguaxe.
- Realización das láminas relacionadas cos contidos da unidade do material fotocopiabile.
- Realización das actividades suxeridas en cada lámina na proposta didáctica, das actividades musicais e das actividades contidas no Libro de competencias lingüísticas e guía de contos.
- Realización das actividades psicomotrices e outras complementarias relacionadas cos contidos desta unidade.
- Se cómpre, pódese contar con medidas de atención á diversidade externas á aula: logopedia, fisioterapeuta, profesor de apoio, traballador social, pedagogo, psicólogo...

▪ **Procedementos e instrumentos de avaliación.**

- Rexistro de avaliación inicial.
- Observación directa e sistemática.
- Rexistro diario de incidencias.
- Diálogos cos nenos e nenas.
- Valoración das actividades e do traballo realizado ao longo do proxecto.
- Observación do comportamento dos nenos e nenas.
- Recollida de información por parte da familia e outros membros do equipo docente.
- Rexistro de avaliación do proxecto.
- A avaliación da tarefa realizada polos alumnos nos recunchos baséase na observación sistemática das estratexias postas en práctica por cada un deles e o seguimento da súa evolución.

▪ **Actividades complementarias e extraescolares.**

- Celebración da festa do Samaín.
- Semana de Animación Lectora.
- Realizar unha visita cos nenos e coas nenas ás diferentes estancias do colexio.
- Se é posible, realizar unha visita a outro colexio.
- Visita dos Reis Magos e celebración do Nadal.
- Realizar unha visita cos nenos e coas nenas a un parque próximo (visita de outono).
- Realizar unha saída á Residencia de Maiores do barrio para compartir unha xornada de panxoliñas e favorecer o intercambio entre xeracións.

▪ **Plan de convivencia**

Nesta unidade traballaremos os seguintes temas transversais:

- Coidemos a nosa saúde: propoñeremos o consumo de produtos pouco elaborados cuxos envoltorios sexan reciclables e conversaremos sobre o día da froita e o día do bocadillo.
- Consumamos responsablemente: crearemos a caixa de “obxectos perdidos” para que depositen nela todo o que non saiban onde colocar, para que o encargado ou encargada os leve aos lugares correspondentes á hora de recoller.

- Protexamos o medio: dialogaremos sobre a necesidade de coidar os materiais e sobre os recursos naturais. Fixaremos un día da semana para ocuparnos do coidado das plantas e árbores do colexio.
- Sexamos bos cidadáns e boas cidadás: pactaremos normas de convivencia que respectaremos ao longo do curso e fomentaremos actitudes de respecto e tolerancia cara á diversidade.
- Todos somos iguais: favoreceremos a participación nas actividades sen facer distinción por razón de sexo.
- Vaiamos seguros: construiremos entre todos un semáforo que utilizaremos nas nosas saídas.

▪ **Plan das TICS.**

- CD de xogos dixitais interactivos: para iniciarse no manexo do ordenador. Este CD pode utilizarse ademais no encerado dixital.
- A través dos diferentes xogos e actividades elaboradas en soportes dixitais repasaranse e reforzaranse os seguintes contidos:
 - Observación e atención.
 - Coordinación viso-manual.
 - Números.
 - Organización e orientación espacial.
 - Práctica de contar.
 - Series.
 - Formas xeométricas.
- Desenvolveremos o gusto, o interese e o gozo dos contos a través de CD de contos animados do proxecto.
- Propiciaremos o achegamento a medios audiovisuais como películas, debuxos animados, videoxogos, documentais, etc., nos que se trate dalgunha maneira os centros de interese do proxecto: os seres mitolóxicos galegos. Será necesario facer unha valoración crítica dos contidos visionados.

Planificaremos a utilización doutros instrumentos tecnolóxicos como cámara de vídeo, cámara fotográfica, televisión, reprodutores de imaxes e sons, encerado dixital, escáner, impresora... Por suposto, educaremos no uso moderado de todos eles.

8.2 EXIPTO

▪ **Obxectivos e contidos**

- **Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.**

▪ **Obxectivos**

- Expoñer coñecementos e vivencias relacionadas co antigo Exipto.

- Exporer aquilo que quere saber sobre antigo Exipto.
- Utilizar diferentes fontes para buscar información: observación directa, imaxes, libros, familias, documentais, medios dixitais...
- Utilizar estratexias de organización de coñecementos baseadas no tratamento da información.
- Tomar conciencia das propias aprendizaxes sobre o antigo Exipto.
- Valorar o desenvolvemento das actividades realizadas durante o proxecto.
- Experimentar xestos e posturas coas mans e o corpo e os obxectos.
- Manipular e usar os diferentes utensilios cos que realizamos os experimentos.
- Manter o equilibrio estático en diferentes posturas para producir figuras.
- Mostrar coñecemento dun mesmo e dos outros a partir das experiencias sensoriais, motrices e expresivas.
- Gozar recreando situacións durante o xogo simbólico.
- Afianzar o desenvolvemento de destrezas manipulativas básicas.
- Exercitar a percepción sensorial a partir da manipulación e exploración de obxectos...
- Coñecer as regras dos xogos.
- Respectar as normas do xogo regulado.
- Aprender a tolerar a frustración.
- Afianzar a coordinación óculo-manual nas habilidades motrices de carácter fino.
- Coñecer as posibilidades motrices e posturais do propio corpo adecuándoas ás distintas situacións de actividade.
- Desenvolver actitudes de axuda e colaboración cos compañeiros e compañeiras regulando o propio comportamento e adecuándoo ás necesidades destes.
- Identificar, expresar e controlar sentimentos e emocións.

▪ **Contidos**

- Ideas previas sobre o antigo Exipto.
- Preguntas sobre o tema do proxecto.
- Fontes de información.
- Estratexias de organización da información: información visual.
- Procesos e técnicas de investigación.
- Identificación das aprendizaxes relacionadas co antigo Exipto
- Mapa conceptual.
- Experimentación de xestos, posturas e movementos corporais.
- Control motriz na manipulación de obxectos.
- Utilización dos sentidos.
- Exploración libre e manipulación dos obxectos presentes nun mercado.
- Destrezas motrices básicas: recortar, colorear, pegar...

- Manipulación, observación e clasificación de obxectos.
- Exploración sensorial de obxectos.
- Aceptación dos resultados obtidos.
- Normas do xogo.
- Coordinación viso-manual.
- Control do movemento en actividades motrices e manipulativas.
- Educación emocional: a tolerancia.
- Esfuerzo para superar as dificultades.
- Aceptación da identidade e características dos demais, evitando actitudes discriminatorias.
- Desenvolvemento da observación e da atención.
 - **Coñecemento do medio físico (natural, social e cultural)**
 - **Obxectivos**
 - Identificar o lugar no que viviu a civilización exipcia: Exipto, o río Nilo.
 - Coñecer os ciclos do Nilo e valorar a súa importancia para a vida en Exipto.
 - Diferenciar as paisaxes de Exipto.
 - Coñecer diferentes aspectos da vida e a cultura exipcias.
 - Recoñecer figuras representativas da civilización exipcia: o faraón.
 - Identificar algúns traballos desempeñados polos membros desta civilización.
 - Coñecer os principais alimentos na dieta do antigo Exipto.
 - Identificar algunhas das pezas e accesorios do vestuario no antigo Exipto.
 - Identificar as pezas de artesanía elaboradas por distintos artesanos.
 - Coñecer xogos de mesa utilizados no antigo Exipto.
 - Identificar obxectos e elementos significativos na cultura exipcia.
 - Recoñecer a importancia dos ritos funerarios no antigo Exipto.
 - Coñecer algúns dos deuses da civilización exipcia.
 - Coñecer algúns símbolos utilizados no antigo Exipto como amuletos.
 - Coñecer a escritura xeroglífica exipcia e o proceso de creación dos papiros.
 - Pescudar como se logrou descifrar a escritura xeroglífica.
 - Coñecer e experimentar como se transcriben palabras co alfabeto exipcio.
 - Coñecer manifestacións artísticas do antigo Exipto.
 - Observar e coñecer as principais obras arquitectónicas do antigo Exipto: as pirámides.

- Valorar a importancia da música e a danza para a civilización exipcia.
- Coñecer instrumentos musicais utilizados no antigo Exipto.
- Coñecer os símbolos utilizados polos exipcios para representar os números.
- Coñecer algúns inventos e descubrimentos que teñen a súa orixe no antigo Exipto.
- Identificar algúns faraóns e raíñas importantes.
- Descubrir os lugares nos que se atoparon grandes achados sobre a civilización exipcia.
- Coñecer os vestixios da civilización exipcia presentes na actualidade.
- Identificar e valorar e o traballo realizado por diferentes persoas da nosa contorna para estudar, documentar e achegarnos á vida das persoas nas diferentes etapas da historia.
- Identificar e valorar o traballo realizado por diferentes persoas que investigan sobre Exipto: arqueólogos, exiptólogos.
- Situar os lugares nos que se atoparon restos arqueolóxicos da civilización exipcia.
- Valorar os museos como lugares para coñecer o pasado de antigas civilizacións.
- Iniciarse nos conceptos científicos.
- Coñecer as propiedades e características dos obxectos.
- Ser capaz de desenvolver estratexias que faciliten a resolución de problemas e toma de decisións.
- Extraer conclusións como resultado dunha experiencia.
- Participar de forma activa nas experimentacións e nas actividades propostas, respectando e compartindo as achegas dos outros.
- Coñecer o proceso de plantación de sementes.
- Observar o crecemento das plantas.
- Relacionar elementos a partir de aspectos cualitativos.
- Identificar e nomear as propiedades físicas dos obxectos e as persoas.
- Establecer relacións entre os elementos dun conxunto: clasificación, seriación, ordenación...
- Establecer relacións de correspondencia entre os elementos de dous conxuntos.
- Establecer relacións de correspondencia entre os elementos de igualdade.
- Comprender o concepto de cardinalidade.
- Contar elementos e asociar o cardinal.

- Asociar o número coa cantidade.
- Coñecer as grafías dos números do 1 ao 10.
- Contar obxectos en situacións de xogo e experimentais.
- Realizar series de elementos.
- Aproximarse ao concepto de tempo a través da orde de secuencias de accións.
- Iniciarse no coñecemento das operacións de adición.
- Recoñecer as formas xeométricas presentes nas pirámides (de base triangular, cadrada e hexagonal).
- Aproximarse ao coñecemento da medida de lonxitude.
- Realizar medicións de obxectos e distancias.
- Coñecer unidades de medida utilizadas no antigo Exipto: o cúbado real.
- Recoñecer a funcionalidade das medidas en situacións cotiás.
- Mellorar a percepción visual.
- Construír un puzzle para formar unha imaxe completa.
- Aplicar o razoamento para resolver situacións problemáticas.
- Desenvolver a capacidade de atención, observación e a memoria visual.

▪ **Contidos**

- Ubicación de Exipto no mapa.
 - Río Nilo como fonte de vida para Exipto
- Características do río Nilo.
- A paisaxe en Exipto: o deserto e o río Nilo.
- A organización social no antigo Exipto.
- A vida no antigo Exipto:
- Xerarquía e organización social.
- Os faraóns e réinalas.
- Traballos na sociedade exipcia: campesiños, artesanos, comerciantes, escribas...
- A agricultura.
- A alimentación. Alimentos consumidos con frecuencia (a cebola).
 - Comercio e o troco.
- Vestido e elementos decorativos.
- A artesanía.
 - Lecer.

- Xogos de taboleiro: o senet.
- Cultura do Antigo Exipto:
- Ritos funerarios: a momificación, os sarcófagos, os vasos canopes.
- Os deuses.
- Amuletos exipcios: propiedades e usos.
- Escritura: os xeroglíficos, soportes para escribir (o papiro, a pedra).
- Monumentos do antigo Exipto. Características.
- Función das pirámides e outros monumentos funerarios.
- Arquitectura e escultura: as pirámides, as esfinges.
- Arte: a pintura.
- Música e danza.
- Instrumentos musicais: corda e vento.
- Os números.
- Inventos: a balanza, o arado tirado por animais, o barco de vela.
- Faraóns e raíñas máis coñecidos: Tutankamón, Cleopatra.
- Aproximación aos restos e xacementos arqueolóxicos e aos museos. A necrópolis de Guiza.
- A pedra Rosetta. F. Champollion.
- Coñecemento de profesións relacionadas co antigo Exipto: arqueólogo, exiptólogo.
- Exploración e experimentación cos materiais do Recuncho do proxecto.
- Exploración sensorial de obxectos
- Establecemento de relacións entre anticipacións e resultados de experiencia.
- Cultivo de alimentos: sementado, coidado e colleita.
- Necesidades e coidado de plantas.
- Observación e coidado da planta ao longo do tempo.
- Propiedades dos obxectos e características físicas: forma, cor, tamaño.
- Seriacións de elementos atendendo á cor.
- Elementos iguais.
- Uso dos números na vida cotiá.
- Numeración: números cardinales.
- Noción de cardinalidade: de 1 ao 10.

- Asociación grafía-cardinal (do 1 ao 9).
- Relación de correspondencia entre os elementos dun conxunto e os seus grafías (do 1 ao 9).
- Conteo de elementos.
- Serie numérica ascendente.
- Ordenación de secuencias temporais.
- Nocións temporais: antes/despois.
- Iniciación á adición de elementos.
- Formas xeométricas planas e tridimensionais: triángulo, cadrado, hexágono e pirámide.
- Experimentación con unidades de medida.
- Medidas: a lonxitude, o peso.
- Unidades de medida de lonxitude no antigo Egipto: o cóbado real.
- Unidades de medida de lonxitude non convencionais: palmo, pasos.
- Percepción visual e orientación espacial.
- Nocións espaciais básicas: ao carón/alén.
- Construción de puzzles.
- Desenvolvemento de estratexias que faciliten a resolución de problemas.
- Desenvolvo do pensamento lóxico.
- Uso de estratexias mentais durante o xogo.
- Asociación de imaxes.
- Observación e atención visual.
- Observación e análise de imaxes. Localización de elementos.

- **Linguaxes: comunicación e representación**

- **Obxectivos**

- Utilizar a cámara dixital para documentar experiencias e actividades dos talleres.
 - Usar as imaxes realizadas coa cámara dixital para estimular aos alumnos a pensar, crear e elaborar explicacións sobre as diferentes actividades realizadas.
 - Iniciarse no manexo do ordenador e o uso da tecnoloxía como medio para adquirir información e coñecementos.

- Habituar a escoitar atentamente aos demais en situacións que o requiren, respectando a quenda de palabra e o momento oportuno para falar.
- Desenvolver habilidades comunicativas.
- Descubrir a utilidade da lectura e a escritura como medios de información e comunicación.
- Expresarse de forma ordenada e utilizar a linguaxe oral para relatar feitos, expresar hipótese, comunicar ideas e sentimentos.
- Expresar os coñecementos apresos relacionados co antigo Exipto.
- Expresar os seus gustos e preferencias a través da escritura.
- Compartir oralmente cos demais as observacións e experimentacións.
- Interesarse polas novas informacións.
- Estimular a imaxinación.
- Relacionar as novas informacións con outras xa coñecidas.
- Describir ordenadamente feitos e situacións relacionados co tema do proxecto.
- Relacionar descrições.
- Gozar coa resolución de adiviñas.
- Consultar as fontes de documentación para atopar resposta aos interrogantes que xurdan durante o desenvolvemento do proxecto.
- Interesarse pola interpretación da linguaxe escrita.
- Recoñecer palabras.
- Producir os seus propios textos.
- Gozar coa lectura ou narración de contos.
- Coñecer os personaxes do conto.
- Ampliar o vocabulario básico relacionado co tema.
- Coñecer diferentes sistemas de expresión literaria: conto, poesía.
- Experimentar as posibilidades creativas a través da expresión corporal e a linguaxe musical.
- Gozar da expresión plástica e da expresión corporal e musical valorándoas como importantes medios de comunicación.
- Interesarse por coñecer novas informacións e documentos visuales: mapas.
- Expresar gráficamente as ideas previas e o que quere saber sobre o antigo Exipto.
- Expresar os seus gustos e preferencias a través do debuxo.
- Favorecer o proceso creativo a través da pintura.

- Utilizar o debuxo como medio de expresión e representación de elementos.
- Coñecer e utilizar diferentes técnicas plásticas para experimentar e expresarse a través delas.
- Descubrir as posibilidades e as limitacións dos materiais empregados Mellorar a coordinación óculo-manual e favorecer o desenvolvemento do ton muscular.
- Afianzar o desenvolvemento de destrezas manipulativas básicas.
- Desenvolver a motricidad fina.
- Construír composicións tridimensionales e coñecer as súas características.
- Utilizar diferentes técnicas plásticas e materiais para crear vestuario.
- Participar no proceso de elaboración e representación dunha danza.
